

BASES QUE REGULAN O CONCURSO DE ENTROIDO 2023

O Concello de Rois convoca un Concurso de disfraces que se celebrará neste municipio o sábado 18 de febreiro e que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira.

É obrigatoria a inscrición previa do conxunto de participantes nas categorías recollidas nestas bases. Realízase nas oficinas do Concello de Rois cubrindo unha ficha de inscrición ata o mércores 15 de febreiro de 9.00 a 14.00h (incluído). Tamén se poderá realizar neste mesmo prazo por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas. Nos casos en que non se realice a inscrición nas propias oficinas municipais, obrigatoriamente deberá remitirse copia ao fax 981804182, con data límite ás 14.00 horas do mércores 15 de febreiro.

No caso das comparsas, nas inscricións, cada unha ten que nomear unha persoa representante, sinalando nome completo, NIF e teléfono de contacto de quen ha de asinar a solicitude e un compromiso de responsabilidade, así como entregar o certificado do número de conta bancaria e calquera outra documentación administrativa que se lle requira.

Segunda.

No propio día da celebración, a organización entregaralles a todas as persoas participantes o número de dorsal, que terá que ser colocado nun lugar visible. Ese número corresponderase co da orde do desfile.

Terceira.

Haberá cinco modalidades para participar neste concurso: infantil individual ata 12 anos (incluídos), individual maior de 12 anos, parella/trío, comparsa/grupo de 4 a 12 membros e comparsa/grupo de 13 ou máis membros.

No caso da modalidade de comparsa/grupo de 4 a 12 persoas, crearanse dúas categorías: de persoas adultas, onde participe algún membro maior de idade; infantil, onde as persoas participantes sexan exclusivamente menores 12 anos (incluídos).

Cuarta.

As/os menores de idade deberán estar acompañadas/os dunha persoa adulta durante todo o evento.

Quinta.

As medidas das carrozas non poden superar as medidas do acceso ao polideportivo de Rois (1,60 metros de ancho x 2,00 metros de alto).

Sexta.

Estableceranse os seguintes premios por categorías:

Infantil individual ata 12 anos (incluídos)	Individual maior de 12 anos	Parella/Trío	Comparsa de 4 a 12 membros	Comparsa de 13 ou máis membros
1º. 30€ 2º. 25€ 3º. 20€ 4º. Agasallo 5º. Agasallo 6º. Agasallo	1º. 40€ 2º. 35€ 3º. 30€	1º. 60€ 2º. 40€ 3º. 30€	1º. 300€ 2º. 150€	1º. 400€ 2º. 200€ 3º. 150€
			Comparsa infantil de 4 a 12 membros	
			1º. 200€ 2º. 100€	

Sétima.

O xurado estará formado por un mínimo de 3 e un máximo de 5 persoas, nomeadas polo Concello formada por persoas vinculadas ao mundo da cultura, artes, medios de comunicación, hostalaría ou participación cidadá.

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade, non discriminación e obxectividade. Valoraranse aspectos como a orixinalidade dos disfraces, a creatividade, a imaxinación e a posta en escena durante o desfile, reflexándose o resultado nunha acta levantada para os efectos á que se lle dará publicidade no taboleiro de anuncios do edificio multiúsos de Rois. A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado o estima oportuno.

Oitava.

Todas e todos os participantes das categorías de comparsa/grupo, deben estar ás 16.30h diante do Concello de Rois para recoller e colocar o seu dorsal e a continuación, desfilan ata o polideportivo de Rois. O resto das categorías participantes tamén poderán participar no desfile. No caso de choiva suspenderase o desfile, decisión que se anunciará na páxina web municipal con suficiente antelación e se notificará por correo electrónico ás inscricións realizadas. A actuación no polideportivo de Rois non poderá exceder de 10 minutos de duración, o contrario poderá supor penalización.

Novena.

Os disfraces que recibiran algún premio no ano anterior non poderán ser premiados.

Décima.

O Concello de Rois non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen as e os participantes deste desfile e concurso do entroido 2023.

Undécima.

A participación neste concurso implica a aceptación plena destas bases. Queda en mans do xurado ditaminar calquera aspecto non previsto nestas.